

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMATIVA DENOMINADA:

- **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE ROTULACIÓN DE VÍAS URBANAS, DISEMINADAS E NUMERACIÓN DE EDIFICIOS DO CONCELLO DE NARON**

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciárase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

- **INICIATIVA: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE ROTULACIÓN DE VÍAS URBANAS, DISEMINADAS E NUMERACIÓN DE EDIFICIOS DO CONCELLO DE NARON**

Dende o Negociado de Estatística propónse unha modificación da vixente Ordenanza de rotulación de vías urbanas, diseminadas e

numeración de edificios (BOP núm.: 109, de 11 de xuño de 2012). As modificacións a introducir na Ordenanza especificada xiran en torno aos seguintes aspectos:

1. Cómpre adaptar determinadas disposicións contidas no texto municipal ás normas emanadas non só da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, senón tamén do Real Decreto 203/2021 que desenvolve a actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
2. O apartado 14 da Resolución de 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución de 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do INE e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre xestión municipal (BOE, núm.: 122, de 2 de maio de 2020) tamén incorpora cuestión sobre Expedientes Territoriais que deberían figurar na Ordenanza.
3. Sen prexuízo doutras modificacións de estilo ou lingüísticas sería conveniente facer referencia tamén á incorporación de datos territoriais que constan en Rexistros públicos, como o Catastro, e que sen dúbida teñen repercusión tanto no trameiro municipal como no Padrón de habitantes.

O desenvolvemento dunha Cartografía municipal xeorreferenciada e de acceso público a través da web municipal tamén pode ser obxecto de regulación na devandita Ordenanza.